

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Decembro 2009

### NOTA DE PRENSA

**En decembro de 2009 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 4,5% e os dos bens importados aumentaron un 2,7%**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 4,5% en decembro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 2,7%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,4% e os dos importados un 11,3%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 10,1%. Os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios diminuíron un 5,5% e un 6,3% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo e dos bens intermedios aumentaron un 9,6% e un 4,7%. Os prezos dos bens de consumo diminuíron un 8,8%.



## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

| EXPORTACIÓNS        | Variación sobre igual período ano anterior (%) |                   | IMPORTACIÓNS        | Variación sobre igual período ano anterior (%) |                   |
|---------------------|--|-------------------|---------------------|--|-------------------|
|                     | No mes   | No que vai de ano |                     | No mes   | No que vai de ano |
| <b>ÍNDICE XERAL</b> | <b>-4,5</b>                                    | <b>-3,4</b>       | <b>ÍNDICE XERAL</b> | <b>2,7</b>                                     | <b>-11,3</b>      |
| Bens de consumo     | -5,5   | -4,0              | Bens de consumo     | -8,8   | -3,7              |
| Bens de equipo      | 10,1   | 11,0              | Bens de equipo      | 9,6  | -1,6              |
| Bens intermedios    | -6,3   | -6,2              | Bens intermedios    | 4,7  | -14,5             |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

## Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 2,9% para os bens con destino á UE-25. Os prezos dos bens con destino a países pertencentes á Unión Económica e Monetaria diminuíron un 3,6%, os da OCDE un 3,4% e o resto de países un 8,5%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 5,7% e os procedentes do resto de países diminuíron un 2,7%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

| EXPORTACIÓNS    | Variación sobre igual período ano anterior (%) |                   | IMPORTACIÓNS    | Variación sobre igual período ano anterior (%) |                   |
|-----------------|--|-------------------|-----------------|--|-------------------|
|                 | No mes   | No que vai de ano |                 | No mes   | No que vai de ano |
| UEM             | -3,6   | -5,3              | UEM             | 2,9  | -13,3             |
| UE-25           | -2,9   | -5,2              | UE-25           | 2,6  | -12,4             |
| OCDE            | -3,4   | -4,1              | OCDE            | 5,7  | -12,0             |
| Resto de países | -8,5   | 1,3               | Resto de países | -2,7   | -9,6              |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>